



## Concello de Meaño

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA ESCUDERO BARRAL, secretaria-interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).

### CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 2 de setembro de 2019, e segundo resulta do borrador da acta desta sesión e coa salvedade que establece o artigo 206 do R.D. 2568/1896, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“7º.- INFORME-PROPOSTA DA CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS 2019 (EXP. 193/2019).

Vistas as peticións formuladas ao abeiro das Bases Reguladoras do Programa de subvencións do Concello de Meaño 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de marzo de 2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 64 de data 2 de abril de 2019, na páxina web do Concello de Meaño e o extracto da convocatoria no BOP nº 64 de data 2 de abril de 2019, con un prazo de presentación de solicitudes de un mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do extrato da convocatoria no BOP.

Visto o informe emitido pola técnico medio de xestión de Administración Xeral, o informe de fiscalización emitido pola secretaria-interventora en relación coa proposta inicial de concesión formulada pola Alcaldía.

Vista a proposta da Alcaldía o ditame favorable da Comisión Especial de Contas; a Xunta de Goberno Local, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, en votación ordinaria por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º.- A concesión das seguintes subvencións:

**Mulleres rurais (Aplicación presupostaria do estado de gastos Orzamento Municipal 2019):**

**A Telleira de Dena (CIF: G36264828): 341.48000**

- Ximnasia.
  - \* Presuposto: 1.000,00 €
  - \* Subvención: 775,00€

**San Miguel de Lores (CIF: G36147916): 337.48000**

- Realización de actividade: Excursión anual Rías Altas
  - \* Presuposto: 800,00 €
  - \* Subvención: 775,00 €

**Corazón do Salnés /Meaño (CIF: G36186096): 337.48000.**

- Curso de repostería
  - \* Presuposto: 850,00 €
  - \* Subvención: 775,00 €





## Concello de Meaño

### Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (Aplicación presupostaria do estado de gastos Orzamento Municipal 2019): 326.48002

**ANPA A Toxa CEIP As Covas – Meaño (CIF: G36061513).**

**TOTAL SUBVENCIÓN: 800,00 €:**

- Festa fin de curso 2018-2019.
  - \* Presuposto: 550,00 €
  - \* Subvención: 350,00 €
- Excursión fin de curso 2018-2019
  - \* Presuposto: 1.100,00 €
  - \* Subvención: 450,00 €

**ANPA A Sementeira Coirón –Dena 326.48002 (CIF: G36126522).**

**TOTAL SUBVENCIÓN: 800,00 €:**

- Festa fin de curso.
  - \* Presuposto: 1.100,00 €
  - \* Subvención: 800,00 €

### Asociacións de Veciños (Aplicación presupostaria do estado de gastos Orzamento Municipal 2019):

**Asociación de Veciños Airiños de Lores (CIF: G36144947).**

**IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN: 1.100,00 €:**

- Realización de actividades 337.48000: Excursión anual a cidade de A Coruña
  - \* Presuposto: 1.300,00 €
  - \* Subvención: 1.100,00 €

**Asociación de Veciños S. Juan de Meaño (CIF: G36167146).**

**IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN: 1.000,00 €:**

- S. Xoan 338.48000:
  - \* Presuposto: 800,00 €
  - \* Subvención: 500,00 €
- Realización de actividades 337.48000: Excursión costa lucense.
  - \* Presuposto: 750,00 €
  - \* Subvención: 500,00 €

**Asociación Veciñal da parroquia de Xil (CIF: G36187748).**

**IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN: 1.000,00 €:**

- Xantar interxeracional da parroquia de Xil 338.48000:
  - \* Presuposto: 1.664,30,00 €
  - \* Subvención proposta: 700,00 €
- Curso de labores de costura 337.48000.
  - \* Presuposto: 847,00 €
  - \* Subvención proposta: 300,00 €

### Asociacións Deportivas (Aplicación presupostaria do estado de gastos Orzamento Municipal 2019): 341.48000

**Deportivo Xil C.F. (CIF: G36172724):**

- Gastos de participación competición federada e gastos correntes do desenvolvemento da actividade

- \* Presuposto: 4.628,62 €





## Concello de Meaño

---

\* Subvención proposta: 2.200,00 €

### **Unión Dena C.F. (CIF: G36156305):**

- Gastos de participación competición federada e gastos correntes do desenvolvemento da actividade equipos senior, tendo en conta que quedan excluídas da presente convocatoria e polo tanto non serán obxecto da subvención nominativa prevista nas Bases de execución (Escola de fútbol).

\* Presuposto: 5.500,00 €

\* Subvención proposta: 2.600,00 €

- Gastos de participación competición federada equipo veteranos.

\* Presuposto: 1.600,00 €

\* Subvención proposta: 300,00 €

### **Asociación C. D. Asmubal Meaño (CIF: G36535516):**

- Gastos de participación competición federada equipos senior, tendo en conta que quedan excluídas da presente convocatoria e polo tanto non serán obxecto da subvención nominativa previstas nas Bases de execución (Escola de balonmán).

\* Presuposto: 9.000,00 €

\* Subvención: 2.000,00 €

### **Asociación C. D. GAM Meaño (CIF: 36155943):**

- Gastos correntes do desenvolvemento da actividade de tenis de mesa

\* Presuposto: 2.790,00 €

\* Subvención: 450,00 €

### **Asociación de cazadores de Meaño (CIF 36128627)**

- Taxas de federación e seguro

\* Presuposto: 841,94 €

\* Subvención: 500,00 €

### **Asociacións Culturais (Aplicación presupostaria do estado de gastos Orzamento Municipal 2019) 334.48000**

#### **Asociación Cultural Penaguda (Dena) (CIF: G36041085):**

- Gastos escola de baile rexional e música tradicional galega.

\* Presuposto: 2.500,00 €

\* Subvención: 2.300,00 €

#### **Asociación Cultural Unión Musical de Meaño (CIF: G36143857).**

- XXVIII Festival de Bandas de Música.

\* Presuposto: 6.600,47 €

\* Subvención: 3.000,00 €

- Gastos de participación no Certame Fliocorno d'oro

\* Presuposto: 23.361,10 €

\* Subvención: 4.000,00 €

#### **Asociación Club de pensionistas e minusválidos de Dena (CIF: G36428639)**

- Gastos directora Coral Sta Lucia de Dena

\* Presuposto: 2.472,00 €

\* Subvención: 1.500,00 €





## Concello de Meaño

---

### **Asociación cultural Coro Parroquial S. Juan de Meaño (CIF: G36500866)**

- Formación en técnicas de canto
- \* Presuposto: 805,00 €
- \* Subvención: 500,00 €

### **Institucións fins beneficis e outros gastos para atender servizos sociais (Aplicación presupostaria do estado de gastos Orzamento Municipal 2019: 231.48000**

#### **Asociación banco de alimentos Rías Baixas (CIF G94074051):**

- Recollida e reparto de alimentos.
- \* Presuposto: 12.800,00 €
- \* Subvención: 1.000,00 €

#### **Asociación para Discapitados Esperanza Salnés (CIF G36282184):**

- Programas de intervención terapéutica e actividades.
- \* Presuposto: 5.835,05 €
- \* Subvención: 700,00 €

#### **Asociación Amigos de Galicia (CIF G1585991):**

- Plan de cobertura de necesidades básicas de persoas en situación de carencia
- \* Presuposto: 4.671,60 €
- \* Subvención: 250,00 €

#### **Asociación Española contra o cancro-Xunta Provincial de Pontevedra (CIF G28197564)**

- Atención bio-psico-social e prevención
- \* Presuposto: 2.050,00 €
- \* Subvención: 350,00 €

#### **Dow Pontevedra “Xuntos” Asociación Síndrome de Dowm (CIF G36164887)**

- Proxecto de formación social e/ou laboral
- \* Presuposto: 13.700,00 €
- \* Subvención: 200,00 €

### **Festexos populares (Aplicación presupostaria do estado de gastos Orzamento Municipal 2019: 338.48000**

#### **Asociación Comisión de Festas de Dena (G36361582)**

- Festa de S. Cristobal
- \* Presuposto: 4.500,00 €
- \* Subvención proposta: 900,00 €

### **Benestar comunitario (Aplicación presupostaria do estado de gastos Orzamento Municipal 2019: 164.78000**

#### **Asociación parroquial do cemiterio de S. Martiño de Padrenda (CIF G94171402)**

- Dotación de accesibilidade ao cemiterio de Padrenda
- \* Presuposto: 18.495,35 €
- \* Subvención proposta: 5.000,00 €

Estas subvencións concédense coas seguintes peculiaridades:

- \* As actuacións ou actividades xenéricas subvencionadas serán ofertadas a totalidade dos/as





## Concello de Meaño

veciños/as das correspondentes parroquias, non só a socios/as para os que resultará gratuita; sen prexuízo de que os participantes non socios colaboren economicamente no financiamento da actividade, sempre tendo en conta que o importe das distintas achegas e a subvención concedida non poden superar o custo da actividade.

\* En relación á solicitude formulada pola Asociación Española contra o Cancro, Asociación para Discapacitados Esperanza Salnés, Fundación Amigos de Galicia, Dow Pontevedra “Xuntos” Asociación Síndrome de Dowm e Asociación banco de alimentos Rías Baixas deberán acreditar que do desenvolvemento da súa actividade resulta beneficiado algún colectivo ou veciño/a deste termo municipal.

2º.- Denegar á concesión das seguintes solicitudes de subvención:

**- Asociación Peña Motera Dena-Mita (CIF: 94181179)**

Xuntanza moteira

\* Presuposto: 3.000,00 €

\* Subvención solicitada: 3.000,00

\* Motivo: Non achegar a documentación requirida na base cuarta das Bases reguladoras do programa de subvencións do Concello de Meaño, para o exercicio 2019.

**- Asociación de Veciños Sta. Lucia de Dena (CIF G36056349)**

Adquisición de equipos audiovisuais

\* Presuposto: 4.047,00 €

\* Subvención solicitada: 4.898,00 €

\* Motivo: Non achegar a documentación requirida na base cuarta das Bases reguladoras do programa de subvencións do Concello de Meaño, para o exercicio 2019.

**- Asociación de Escaravellos do Salnés (CIF G94179173)**

Concentración escaravellos do Salnés

\* Presuposto: 4.000,00 €

\* Subvención solicitada: 4.000,00 €

\* Motivo: Non atoparse inscrito no Rexistro de Asociacións do Concello de Meaño e non achegar a documentación requirida na base cuarta das Bases reguladoras do programa de subvencións do Concello de Meaño, para o exercicio 2019.

**- Asociación parroquial do cemiterio de S. Martiño de Padrenda (CIF G94171402)**

Contratación de póliza de seguro de responsabilidade civil

\* Presuposto: 308,57 €

\* Subvención solicitada: 208,57 €

\* Motivo: Segundo a Base Segunda das Bases Reguladoras do programa de subvencións o apartado de benestar comunitario está destinado a gastos de investimento, a contratación dá póliza do seguro de responsabilidade civil ten carácter de gasto corrente polo que non se encadra nas actuacións subvencionables.

**- Asociación de viticultores libres do Salnés (CIF G94023330)**

Excursión a Navarra

\* Presuposto: 14.750,00 €

\* Subvención solicitada: 14.750,00 €

\* Motivo: Segundo a Base Segunda das Bases Reguladoras do programa de





## Concello de Meaño

subvencións o apartado de actividades sectoriais está dirixido ao financiamento da organización de feiras e eventos de promoción económica de sectores económicos específicos deste termo municipal polo que a pesares de que a Asociación para a que se propón a concesión da axuda desenvolve unha actividade sectorial, a actividade para a que solicita a subvención ten carácter lúdico para os socios desta asociación polo que non se encadra nas actuacións subvencionables.

3º.- Segundo se determina nas Bases Reguladoras do Programa de subvencións do Concello de Meaño 2019, para a execución, xustificación e aboamento das subvencións terase en conta:

### a) Compatibilidade.

As subvencións a que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados ou persoas físicas, pero en ningún caso o conxunto das axudas e achegas recibidas poderá superar o 100% do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

A contía da subvención por cada proxecto poderá acadar ata o 100% do custo da actividade ou da inversión para a que se conceden.

### b) Obrigas dos beneficiarios.

a.- Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade ou investimento e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión de subvención.

b.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

c.- Dar adecuada publicidade da axuda concedida para a actividade, actuación ou investimento obxecto de subvención (cartelería, publicidade, recortes de prensa, valados, pancartas, etc). Os clubs deportivos, no suposto de destinar estas axudas a vestimenta, quedan obrigados a insertar nas mesmas o escudo do Concello.

O escudo do Concello estará a disposición das asociacións.

d.- Os gastos que figuren na conta xustificativa serán aboados polos beneficiarios con anterioridade a presentación da xustificación da subvención.

e.- Os beneficiarios das subvencións deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante documento expedido por unha entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (Transferencias bancarias talóns nominativos, etc.) e só excepcionalmente poderán utilizar o pago metálico cando non sexa posible outra forma alternativa e o importe non supere os 200,00 €. En calquera caso será obrigatorio o pago mediante transferencia bancaria cando o importe do gasto sexa igual ou superior aos 1.500,00 €.

f.- A mantelos investimentos subvencionadas por un período mínimo de cinco anos.

### c. Xustificación e aboamento.

1.- As actividades correntes e investimentos subvencionados deberán realizarse durante o exercicio 2019.

2.- O prazo de presentación da xustificación rematará o 22 de novembro de 2019. A 31 de decembro de 2019 anularanse automaticamente tódalas subvencións pendentes de xustificar; sen prexuízo do sinalado na letra D da Base XII de Execución do Orzamento.

Se non puidesen xustificalas no prazo establecido, poderase solicitar, antes de que remate dito prazo, unha ampliación do prazo establecido para a xustificación que non excederá do 10 de decembro de 2019.





## Concello de Meaño

3.- Para pagar a subvención terasa en conta o seguinte:

\* No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.

\* No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, aboarase a parte proporcional da subvención.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor.

4.- Para recibir as subvencións concedidas, de acordo con estas bases, cómpre presentar, directamente no Concello de Meaño, os seguintes documentos, en orixinal ou fotocopia compulsada:

a.- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando: o proveedor, o CIF, o importe, nº de factura, data de emisión e data de pago. (Anexo IV).

Non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

b.- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo orixinais, ou fotocopias compulsadas, conformadas polo/a Presidente/a da asociación, con indicación do DNI. Admitíndose só aquelas relativas aos gastos realizados e subvencionables que respondan a natureza da actividade subvencionada. A xustificación con facturas será, como mínimo, polo importe da subvención concedida.

De tratarse de gastos de monitores presentaran facturas, nóminas ou liquidacións debidamente asinadas polos beneficiarios na que se reflexen os datos persoais, concepto e o importe da prestación, o importe de retención correspondente ao IRPF e o importe líquido a percibir polo/a interesado/a xunto co xustificante do ingreso efectuado a Axencia Tributaria do importe retido. Si o gasto se produce no último trimestre do ano, o xustificante do ingreso efectuado á Axencia Tributaria do importe retido poderá presentarse ata o día 10 de febreiro de 2020.

As facturas que teñan data posterior á da finalización do prazo de xustificación non serán admitidas.

c.- Memoria explicativa da actuación realizada, participantes ou beneficiarios e resultados obtidos, asinada polo/a Presidente/a da actividades desenvolta ou investimento executado.

d.- Declaración responsable de non ter recibido outras subvencións de Administracións Públicas ou detalle do financiamento obtido para a finalidade subvencionada e declaración responsable de que os ingresos obtidos non superan o custo da mesma. (Anexo IV)

e.- Certificacións acreditativas de estar ó corrente das súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e de non ter débedas, de ningún tipo, co Concello de Meaño.

f.- Acreditación da difusión dada a subvención concedida coa declaración da Asociación, entidade ou club de darlle difusión á actividade, actuación ou investimento subvencionado, facendo constar a colaboración do Concello de Meaño -(Vestuario, notas de prensa, material de divulgación, papelería, lonas publicitarias, páxina web e redes sociais de asociación, etc.)- (Anexo IV).

g.- Certificación bancaria na que conste a conta bancaria da asociación.

h.- Acreditación de ter realizado o pago, nos termos sinalados na cláusula décima.e).

i.- Acreditación de contar co seguro de responsabilidade civil e ao corrente do seu pago.

**En relación cos investimentos** será necesario tamén o informe da técnica municipal, ó obxecto de comprobar a realidade do investimento.

O aboamento da subvención practicarase directamente á asociación na conta bancaria indicada por esta.

4º.- Notificar a concesión de subvencións aos interesados e publicala na Base Nacional de Subvencións.”





## Concello de Meaño

---

E para que así conste e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino o presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, en Meaño.

*Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe*

